

Ante o feminicidio de Jéssica Méndez en Barro.

Compañeiras, o sábado coñeciamos a terríbel nova dun tráxico suceso en Barro, este luns confirmáronse as nosas peores sospeitas, un novo feminicio en Galiza.

Desde o feminismo galego activamos o noso protocolo de alarma, que ten como obxectivo organizar unha resposta contundente que se materialice en mobilizacións en repulsa aos feminicidios por todo o País.

Desde o ano 2010 son 67 as mulleres que foron asasinadas en Galiza e hoxe concentrámonos de novo en sinal de repulsa. Estas son as cifras da vergoña, cifras que se poden ver incrementadas cando se esclarezan os casos pendentes, como o acontecido recentemente no Carballiño, do que non esquecemos tampouco neste día pedir que a xustiza investigue e esclareza os feitos, por dignidade e por responsabilidade.

Na loita contra os feminicidios seguimos agardando a que o mundo institucional deixe de gardar minutos de silencio e comece a preocuparse pola vida e seguridade das mulleres, de nada serven máscaras ou lazos lilás se se amparan en políticas criminais contra as mulleres.

Este feminicidio tampouco será rexistrado, como o triplo acontecido en Valga, como as crianzas que foron asasinadas a mans dos agresores machistas... Estamos fartas de ver como hai apenas 15 días se tinguían os gobernos, as subdelegacións e as institucións en xeral de lilás e hipocrisía, porque hoxe ninguén reclama polos nosos dereitos, non se legisla pola nosa seguridade nin para nós.

Cansas de ver un Partido Popular no goberno da Xunta cun Presidente que hai apenas unha semana se apoiaba na negación das vítimas de violencia vicaria, non queremos que nos governe un machista, non queremos que legisle un machista no noso País.

Temos a obriga de organizarnos fronte a quen quere destruírnos, construír discursos inclusivos en todos os ámbitos nos que participamos, porque somos feministas o ano todo, porque sen organización e sen loita non hai dereitos para as mulleres.

Exiximos que dunha vez por todas se faga unha cobertura dos feminicidios con perspectiva de xénero, que se aborde desde idades temperás a violencia machista, que se combatan os estereotipos, que se cuestione o poder.

Exiximos que a lei galega de violencia de xénero sexa efectiva. Exiximos recursos suficientes para abordar este problema e un compromiso real para acabar co terrorismo machista.

Somos o berro das que non teñen voz e por iso hoxe non queremos minutos de silencio porque o silencio é cómplice da violencia machista que nos asasina ano tras ano.

TEMOS DEREITO A SER LIBRES, IGUAIS E A ESTAR NO MUNDO SEN PAGAR POR ESA LIBERDADE. QUERÉMONOS LIBRES E QUERÉMONOS VIVAS E SEGUIREMOS EN MARCHA ATÉ QUE TODAS SEXAMOS LIBRES!